



Guía Docente						
Datos Identificativos				2024/25		
Asignatura (*)	Enerxía, Cooperación e Sustentabilidade		Código	730547015d		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3		
Idioma	CastelánGalego					
Modalidade docente	Non presencial					
Prerrequisitos						
Departamento	Enxeñaría Industrial					
Coordinación	Rodríguez Gómez, Benigno Antonio	Correo electrónico	benigno.rodriguez@udc.es			
Profesorado	Rodríguez Gómez, Benigno Antonio	Correo electrónico	benigno.rodriguez@udc.es			
Web						
Descripción xeral	<p>Esta materia pretende facer consciente ao alumnado da relevancia da Enerxía no Desenvolvemento Sustentable, e a do seu papel para acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS). Tamén quere chamar a atención sobre a necesidade e responsabilidade da Cooperación Internacional (CI), en particular no eido da Enerxía, para que os ODS podan acadarse nos países obxecto de CI.</p> <p>O desenvolvemento da materia lévase a cabo de xeito participativo mediante a aportación dialogada de todos os participantes.</p>					

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
O alumno será capaz de avaliar e xestionar os Índices Enerxéticos e de Sostibilidade			AM13 BM1 CM2 BM2 CM4 BM3 BM6 BM9 BM16 BM18
O alumno será capaz de atopar solucións para sistemas enerxéticos estables, accesibles e ambientalmente aceptables			AM13 BM2 CM2 BM7 CM4 BM10 CM5
O alumno será capaz de propoñer proxectos de cooperación para o desenvolvemento humano sostible co enfoque do Marco Lóxico			BM1 CM2 BM3 CM4 BM4 CM5 BM5 BM16 BM18

Contidos	
Temas	Subtemas
Sostibilidade Enerxética.	Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable Ciclo de Vida O papel da Enerxía na Economía Circular



Cooperación ao desenvolvemento.	Actores do sistema internacional de cooperación para o desenvolvemento Desenvolvemento humano e estratexias de intervención
Participación en proxectos de cooperación internacional	Os instrumentos da cooperación internacional para o desenvolvemento A xestión do ciclo das accións de cooperación O Enfoque do Marco Lóxico

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A13 B4 B6 B9 B10 B16 B18 C5	6	18	24
Aprendizaxe colaborativa	B1 B3 B5 B7 B9 B10 B18 C5	6	6	12
Análise de fontes documentais	A13 B3 B5 B9 C4 C5	0	16	16
Sesión maxistral	A13 B3 B6 C2 C4	5	10	15
Mesa redonda	B1 B2 B3 B5 B7	2	4	6
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudiantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados. Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudiantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudiantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacóns, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conjuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades específicamente deseñadas para a análise dos mismos. Pódese empregar como introducción xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. No caso da docencia a distancia, esta metodoloxía pode aplicarse de xeito síncrono, mediante videoconferencias, ou de xeito asíncrono mediante a grabación das clases e a súa dispoñibilidade en rede.
Mesa redonda	Técnica de dinámica de grupos en que un grupo de especialistas nun tema, que teñen puntos de vista diverxentes ou contraditorios, levan a cabo unha discusión diante dun grupo coordinados por un moderador. No caso da docencia a distancia esta metodoloxía aplícase mediante videoconferencia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Aprendizaxe colaborativa	O profesor guía ao alumnado na preparación de temas propostos, para que entre eles fagan un bo reparto das tarefas necesarias no desenvolvemento dun tema.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Mesa redonda	B1 B2 B3 B5 B7	Valoraranse os seguintes aspectos: Presenza intervención e participación activa no debate. Elaboración de documentos posteriores no caso de que se solicitase a súa entrega.	20
Traballos tutelados	A13 B4 B6 B9 B10 B16 B18 C5	Valorarase o proceso de elaboración e o resultado final acadado, tendo en conta o esforzo realizado, e o interese final do producto logrado.	30
Aprendizaxe colaborativa	B1 B3 B5 B7 B9 B10 B18 C5	Valorarase a participación no grupo, e o resultado alcanzado que deberá demostrarse mediante exposición ou presentación dun documento de carácter individual ou conxunto.	25
Análise de fontes documentais	A13 B3 B5 B9 C4 C5	Esta actividade pode servir como base tanto aos traballos tutelados, como á aprendizaxe colaborativa. Pero tamén pode ser independente das mesmas. Solicitarase a entrega dun traballo individual relativo as fontes analizadas	25

Observacións avaliación

Se por calquera causa non se podes levar a cabo a actividade de Mesa Redonda a súa puntuación pasarse aos traballos tutelados, que nese caso poderán alcanzar os 50 puntos.

Ademáis do indicado enriba, individualmente e tendo en conta a casuística persoal poderán acordarse outras vías de avaliación, cando por motivos razonables así o consideren as partes.

Considerase ademáis a posibilidade de que na cualificación final da materia podan ser aplicadas estratexias de coevaluación e autoevaluación.

Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDIO DOS ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b; 4.3 e 7.5) (04/05/2017):

Se este alumnado pode participar de xeito telemático nas clases do curso, seguirase o mesmo procedemento de avaliación que co resto do alumnado.

No caso de non darse a condición anterior, deberán concertar ao inicio da materia un réxime de titorías regulares co profesor, para seguir o desenvolvemento da materia mediante a realización de traballos, e planificar a súa entrega e exposición.

No caso de non supera a materia na primeira oportunidade, deberán presentarse á realización dunha proba obxectiva na segunda oportunidade.

Este mesmo criterio aplícase para a convocatoria extraordinaria.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Fernández Franco, Lorenzo y Román Marugán, Paloma (2013). Manual de cooperación al desarrollo . Madrid:Síntesis - Jonker Geral/ Jan Harmsen (2013). Ingeniería para la Sostenibilidad. Barcelona:Reverté Aínda que a bibliografía poder ter un sentido orientador, durante o curso farase análise de fontes documentais suxeridas na aula que normalmente serán recursos da rede.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático.1.2. Realizarase a través de Plataforma de Teleformación, en formato dixital sen necesidade de imprimilos1.3. De se realizar en papel:-Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os性os, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas?).5.- Traballaráse para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influírse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.7. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías